



CAMPO DE VOLUNTARIADO "LOÑOÁ" (O PEREIRO DE AGUIAR - OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
04-15/07/2025	18-30	Internacional	Festival e cultural	15

LOCALIZACIÓN

O Pereiro de Aguiar é unha vila da provincia de Ourense onde unha moderna teoría situaría unha das posibles localizacións do mítico Monte Medulio, nun monte que



hoxe se coñece como O Castelo.

DESCRICIÓN DO CAMPO

Recuperación da festa etnográfica de Loñoá co fin de amosar os vellos oficios para poñelos en valor e impedir a súa perda. Actividades a desenvolver:

- As/os participantes colaborarán activamente cos veciños e veciñas de Loñoá para organizar a festa etnográfica do Pereiro de Aguiar, axudando na recuperación de antigos obxectos etnográficos.
- Recuperación de xogos tradicionais para recrealos.
- Elaborar recursos audiovisuais que serán difundidos na web do Concello do Pereiro de Aguiar.
- Elaborar un inventario dos recursos etnográficos do concello, realizando un arquivo fotográfico coa súa localización por GPS.

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Xeolocalización pola cidade de Ourense
- Charlas de carácter social polas entidades colaboradoras neste proxecto
- Obradoiros ambientais e de reciclaxe
- Vídeo-fórum
- Xogos de rol
- Dinámicas de educación ambiental
- Visita á cidade de Ourense (ruta pola zona vella e baño nas termas romanas)

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Albergue de Ordellas no Pereiro de Aguiar (Lugar de Ordellas, nº5).

INCORPORACIÓN

A partir das 19.00 h do primeiro día no albergue. A saída o último día será ás 10:00 h.

Tamén se establece como punto de encontro alternativo ás 16:00 ou ás 20:00 h na estación de autobuses de Ourense. Para coordinar os traslados, é imprescindible comunicar por correo electrónico a hora de chegada.

O campo remata o último día despois do almorzo.



COMO CHEGAR

Dende Santiago de Compostela pódese viaxar por estrada en bus (www.monbus.es) ou en tren ata Ourense.



Para chegar **dende Vigo a Ourense**, o servizo de autobús préstao tamén a compañía www.monbus.es. Tamén se pode facer o traxecto en tren.

COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acollidora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

QUE TRAER

- Útiles de aseo
- Saco de durmir e unha pequena mochila para rutas
- Zapatos ou botas de montaña
- Roupa de abrigo, chubasqueiro e roupa impermeable
- Roupa de traballo, roupa deportiva, calzado deportivo e traxe de baño
- Luvas de traballo e gorra
- Lanterna e cantimplora

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude:

camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude de Ourense:

camposourense.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia, con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

